



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CSMAM01	Deseño e amoblamento	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0982	Procesos en industrias de carpintaría e moble	2018/2019	4	133	133

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional está incluído no CS Deseño e Anoblamento, na modalidade distanciana; polas súas características está pensado para un tipo de alumnado que traballa ou ten obrigacións familiares polo que non poden asistir o centro, temos a obriga de ofertar un 25% das horas de docencia do mesmo presenciais, pero nunca poden ter carácter obrigatorio.

Este módulo profesional é complementario, polo que contén a formación necesaria para desempeñar a función de operar basicamente en procesos en industrias da madeira aplicados aos procesos de caracterización da estrutura produtiva, identificando tipos de empresas, tipos de madeira e derivados, así como outros materiais, realizando ensaios, caracterizando procesos de transformación da madeira, diferenciando materiais de recubrimento e identificando sistemas construtivos.

A caracterización da estrutura produtiva, a identificación de empresas e a identificación de tipos de madeira e derivados asociados á función de operar basicamente en industrias de carpintería e moble abrangue aspectos tales como:

- Identificación de estruturas produtivas e tipos de empresas.
- Xustificación do emprego de tipos de madeira e materia prima.
- Aplicación de ensaios mecánicos e fisicoquímicos, e xustificación da aplicación.
- Identificación de derivados da madeira e outros materiais.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Desenvolvemento de proxectos de carpintería.
- Organización da área de traballo.
- Verificación do produto mediante plans de inspección e ensaio.
- Planificación do mecanizado.
- Planificación da montaxe e do mantemento.
- Xestión do mecanizado e da montaxe.
- Supervisión da realización, do mecanizado e da montaxe de carpintería.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), h), i), j), k), m), q) e r), e as competencias e), f), g), i), j), k), l) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Identificación de estruturas produtivas e de tipos de empresas.
- Realización de ensaios mecánicos e a súa relación coas características técnicas e aplicacións de madeira e derivados.
- Selección de materiais de recubrimento e a súa relación cos resultados obtidos a partir de ensaios.
- Caracterización de procesos de transformación da madeira, relacionando materia prima con produto obtido.
- Identificación de sistemas construtivos en industrias de carpintería e moble.
- Identificación de técnicas de montaxe de moblaxe.
- Prevención de riscos laborais.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A industria da madeira ,moble e cortiza	Clasificación, distribución e organización das industrias.	14	11
2	Materiais utilizados en carpintería e moble	A madeira, produtos derivados da madeira.	80	60
3	Procesos de transformación da madeira e derivados	Troceado.Secado.Curvaxe.	24	18
4	Sistemas de construción e montaxe en carpintería e moble	Sistemas Cosntructivos.Unións.Ferraxes.Maquinaria.	15	11



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A industria da madeira ,moble e cortiza	14

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a estrutura produtiva do sector da madeira e o moble, identificando tipos de empresas e relacionándoas coa súa localización xeográfica, co seu tamaño, co proceso de produción empregado e co produto obtido.	SI
RA5 - Caracteriza procesos de transformación da madeira, xustifica a súa secuencia e relaciona a materia prima cos produtos e os subprodutos obtidos.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o número de empresas en función da súa distribución xeográfica e das características produtivas.
CA1.2 Diferenciáronse as empresas do sector en función do produto obtido.
CA1.3 Diferenciáronse as empresas en función do tamaño, a capacidade de produción e a posición no sector.
CA1.4 Agrupáronse as principais empresas considerando as características do proceso de produción.
CA1.5 Caracterizouse a estrutura organizativa e de produción das principais empresas da rexión.
CA1.6 Relacionouse a capacidade produtiva da empresa co nivel de implantación, a loxística e a distribución do produto obtido.
CA1.7 Relacionouse a xestión da empresa e as vantaxes estratéxicas co proceso produtivo establecido e co produto obtido.
CA1.8 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA1.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA1.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA1.11 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA1.12 Mantívoise unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA5.1 Identifícanse as principais características e a configuración da empresa de primeira transformación de madeira.
CA5.2 Identifícanse as principais características e a configuración da empresa de elaboración ou de instalación de produtos de carpintería e moble.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Identificación. Distribución xeográfica. Implantación e distribución.
Clasificación da industria da madeira. Primeira e segunda transformación.
Organización e recursos humanos. Tipo de produto. Capacidade produtiva.



Contidos

Relación con el entorno industrial. Sectores y subsectores.

Informática aplicada a la optimización de la producción.

Herramientas informáticas. Automatización de líneas de producción



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Materiais utilizados en carpintería e moble	80

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica madeiras, para o que realiza ensaios mecánicos e relaciona os resultados obtidos coas características técnicas e coas aplicacións para a fabricación e a instalación de carpintería e moble.	SI
RA3 - Identifica derivados da madeira e outros materiais empregados na industria da madeira e o moble, realizando ensaios mecánicos e relacionando os resultados obtidos coas características técnicas e aplicacións.	SI
RA4 - Clasifica materiais de recubrimento utilizados na industria da madeira e o moble, realizando ensaios mecánicos e fisicoquímicos e relacionando os resultados obtidos coas características técnicas e aplicacións.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizouse a estrutura macroscópica e microscópica da madeira e dos seus derivados.
CA2.2 Clasificáronse as principais madeiras españolas e de importación polo seu nome e a súa especie, a partir da súa estrutura e das súas características técnicas.
CA2.3 Analizáronse e aplicáronse os sistemas de colocación da madeira.
CA2.4 Agrupáronse as propiedades da madeira, considerando as súas características e as súas vantaxes, para a utilización en procesos de carpintería e moble.
CA2.5 Caracterizáronse os principais defectos, doenzas, axentes bióticos e abióticos que presentan as madeiras, e as súas posibles consecuencias e alteracións no produto que haxa que desenvolver.
CA2.6 Identificáronse os principais subprodutos derivados da madeira e a cortiza, e clasificáronse polo seu nome comercial.
CA2.7 Seleccionouse o sistema de protección da madeira en función da colocación do produto.
CA2.8 Seleccionouse o tipo de madeira para utilizar en función do tipo de esforzo mecánico que deba soportar e das características desta.
CA2.9 Dimensionáronse as pezas empregando técnicas e elementos de medida e procedementos de medición de parámetros dimensionais xeométricos e superficiais.
CA2.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA2.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA2.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.13 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA2.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA3.1 Identificáronse os taboleiros polo seu sistema de obtención e o seu nome comercial, en función da súa aplicación.
CA3.2 Clasificáronse os materiais composites en función das súas características e aplicación.
CA3.3 Identificáronse e seleccionáronse os adhesivos en función dos materiais base e do proceso de unión.
CA3.4 Identificáronse os materiais obtidos a partir do metal en función das súas características e da súa aplicación.



Crterios de avaliación
CA3.5 Seleccionáronse materiais de vidro en función das súas características e da súa aplicación.
CA3.6 Seleccionáronse outros materiais (metacrilato, pedra natural ou artificial, etc.) en función das súas características e da súa aplicación.
CA3.7 Seleccionáronse as máquinas e os instrumentos empregados nos ensaios, e o procedemento de emprego e verificación.
CA3.8 Realizáronse ensaios mecánicos, relacionando as características dos materiais cos resultados obtidos.
CA3.9 Relacionáronse os defectos das pezas coas súas causas.
CA3.10 Expresáronse os resultados dos ensaios coa tolerancia adecuada á precisión requirida.
CA3.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA3.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA3.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.14 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA3.15 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA4.1 Identificáronse os materiais de recubrimento polo seu nome comercial en función das súas características de aplicación.
CA4.2 Seleccionáronse chapas e materiais de revestimento en función das súas características, os sistemas de obtención e as aplicacións.
CA4.3 Seleccionáronse recubrimentos decorativos en función do produto e do seu acabado.
CA4.4 Identificáronse e seleccionáronse os materiais máis apropiados para o tapizado dos mobles ou elementos de carpintería en función do seu uso, a estética, a funcionalidade, etc.
CA4.5 Identificáronse e seleccionáronse os procesos de tapizado e as operacións que se realizan neles.
CA4.6 Determináronse os materiais, as ferramentas e os equipamentos necesarios para a elaboración de patróns para o tapizado.
CA4.7 Determináronse os equipamentos e as ferramentas para o corte de elementos de recheo e de tapizado de mobles, en función das características dos materiais que cumpra cortar.
CA4.8 Identificáronse e seleccionáronse os tipos de elementos de suxeición para os tapizados.
CA4.9 Identificáronse os factores que inflúen na calidade dos materiais, os produtos e os procesos do tapizado.
CA4.10 Determináronse as máquinas e os instrumentos empregados nos ensaios, e o procedemento de emprego e verificación.
CA4.11 Determináronse as características das probetas para a execución dos ensaios.
CA4.12 Realizáronse ensaios fisicoquímicos aplicando normas ou procedementos requiridos.
CA4.13 Expresáronse os resultados dos ensaios coa tolerancia adecuada á precisión requirida.
CA4.14 Relacionáronse os ensaios fisicoquímicos dos materiais en función das aplicacións destes.
CA4.15 Relacionáronse os defectos das pezas coas súas causas.
CA4.16 Expresáronse os resultados dos ensaios coa tolerancia adecuada á precisión requirida.

Criterios de avaliación
CA4.17 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA4.18 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA4.19 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA4.20 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA4.21 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Composición química. Estrutura macroscópica e microscópica.
Doenzas e defectos das madeiras.
Madeiras españolas e de importación. Coníferas e frondosas.
Clasificación de normas españolas e europeas.
Colocación da madeira.
Identificación de madeiras de serra: medidas comerciais e aplicación industrial.
Clasificación de ensaios. Normativa española e europea.
Clasificación de taboleiros: de labras, fibras e compostos. Características físicas e mecánicas.
Extracción de chapas de madeira: clases. Chapeamento.
Aplicación de protectores. Produtos para o acabado.
Clasificación de ensaios. Normativa española e europea.
Aplicación de materiais de recubrimento: nome comercial e características. Afinidade co soporte.
Tipos, sistemas e procesos de tapizado.
Clasificación de ensaios. Normativa española e europea.





#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Procesos de transformación da madeira e derivados	24

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica madeiras, para o que realiza ensaios mecánicos e relaciona os resultados obtidos coas características técnicas e coas aplicacións para a fabricación e a instalación de carpintería e moble.	NO
RA4 - Clasifica materiais de recubrimento utilizados na industria da madeira e o moble, realizando ensaios mecánicos e fisicoquímicos e relacionando os resultados obtidos coas características técnicas e aplicacións.	NO
RA5 - Caracteriza procesos de transformación da madeira, xustifica a súa secuencia e relaciona a materia prima cos produtos e os subprodutos obtidos.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Seleccionouse o sistema de protección da madeira en función da colocación do produto.
CA4.1 Identifícaronse os materiais de recubrimento polo seu nome comercial en función das súas características de aplicación.
CA4.3 Seleccionáronse recubrimentos decorativos en función do produto e do seu acabado.
CA5.3 Identificouse o xeito adecuado de realización do abateamento da madeira.
CA5.4 Identifícaronse os principais sistemas de despezamento e corte da madeira, en relación cos produtos que cumpra obter e coas dimensións destes.
CA5.5 Relacionáronse os principais sistemas de seca e tratamento da madeira cos seus resultados e cos tempos de realización.
CA5.6 Identifícaronse os procesos de curvaxe da madeira.
CA5.7 Relacionáronse os sistemas de obtención de chapas cos produtos obtidos e cos seus procesos de aplicación.
CA5.8 Identifícaronse os principais procesos para a obtención de tableiros en función do compoñente base.
CA5.9 Identifícaronse os sistemas de elaboración de distintos tipos de laminacións decorativas, relacionando as súas características técnicas con aplicación.
CA5.10 Establecéronse as ferramentas informáticas para a xestión da produción.
CA5.11 Caracterizáronse liñas de produción de elementos de carpintería e moble, en función da súa automatización.
CA5.12 Relacionouse os sistemas de xestión de calidade e o seu aseguramento coas características dos procesos de transformación e produtos obtidos.
CA5.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA5.14 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA5.15 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA5.16 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA5.17 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.



#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Aplicación de protectores. Produtos para o acabado.
Aplicación de materiais de recubrimento: nome comercial e características. Afinidade co soporte.
Organización do despezamento e corte en anacos da madeira: sistemas.
Obtención de chapas: tipos; sistemas de secado.
Configuración de empresas de primeira transformación de madeira: principais características.
Curvaxe.
Secado e tratamento da madeira: métodos e fases.
Fabricación de taboleiros: fases.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas de construción e montaxe en carpintería e moble	15

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Identifica sistemas construtivos na industria de carpintería e moble, e diferéncias en función da súa montaxe e da súa aplicación.	SI
RA7 - Aplica procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, avaliando as situacións de risco e xestionando as medidas máis habituais que se presenten na súa actividade profesional.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícase a información contida na documentación técnica.
CA6.2 Identifícanse os procedementos de construción e montaxe ou instalación na fabricación de carpintería e moble.
CA6.3 Relaciónanse as operacións dos procedementos de unión e montaxe coa maquinaria, utensilios e ferramentas.
CA6.4 Identifícanse as características dos sistemas de unión empregados en carpintería e moble (caravillas, galletas, espigas, parafusos, etc.).
CA6.5 Identifícanse as características dos tipos de unións tradicionais en carpintería e moble (ensamblaxes, empalmes e encaixamentos).
CA6.6 Defínense a secuencia das operacións.
CA6.7 Interpretáronse as especificacións de calidade en cada fase do proceso e do produto.
CA6.8 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA6.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA6.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA6.11 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA6.12 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a aplicación de técnicas operativas no sector.
CA7.2 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA7.3 Verificouse a aplicación das normas de prevención e seguridade persoais e colectivas, así como de protección ambiental, na execución dos traballos específicos.
CA7.4 Propuxéronse solucións ás causas máis frecuentes de accidentes na execución dos traballos específicos.
CA7.5 Determináronse as medidas necesarias para promover ámbitos seguros nos procesos en industrias de carpintería e moble.
CA7.6 Organizáronse as medidas e os equipamentos de protección para diferentes áreas e situacións de traballo.
CA7.7 Formalizouse a documentación relacionada coa xestión de prevención e seguridade, así como de protección ambiental.



Crterios de avaliación
CA7.8 Seleccionáronse as medidas de seguridade e de protección individual e colectiva que se deben empregar na execución das técnicas aplicadas aos procesos en industrias de carpintaría e moble.
CA7.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e protección ambiental requiridas no desenvolvemento das actividades.
CA7.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA7.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA7.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA7.13 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA7.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA7.15 Clasificáronse e separáronse os tipos de embalaxes e residuos xerados, segundo a normativa de protección ambiental.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Procedementos de unión e montaxe: sistemas.
Máquinas, utensilios e ferramentas.
Ferraxes: tipos, características e aplicacións.
Plan de prevención: contido e aplicación ao sector.
Fontes de contaminación nos procesos de fabricación de produtos de madeira e derivados.
Identificación dos riscos asociados á prevención de riscos laborais en procesos e produtos de carpintaría e moble.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais en máquinas, equipamentos, instalacións e produtos.
Prevención de riscos laborais en procesos en industrias de carpintaría e moble.
Prevención e protección colectiva.
Equipamentos de protección individual.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

BC1. Caracterización dos procesos de transformación da madeira

- Sistemas de despezamento da madeira.
- Sistemas de obtención de chapas.
- Sistemas de secado. Tratamento das madeiras
- Fabricación de taboleiros.
- Fabricación de laminados decorativos.
- Fabricación de elementos de carpintería (portas, ventás, varandas, etc.).
- Fabricación de moblaxe.
- Configuración de talleres de carpintería e ebanistería.

BC2. Caracterización dos procesos de fabricación e instalación de carpintería e moble

- Fabricación e instalación de portas, ventás e marcos de madeira.
- Fabricación e instalación de portas, escaleiras, ventás, varandas e estruturas simples de madeira (armazón pesada, lixeira e de troncos).
- Fabricación e instalación de proteccións físicas exteriores de ventás e balcóns (persianas, contraventás de diversos tipos, etc.).
- Curvaxe da madeira.
- Revestimentos de madeira en chans, teitos e paredes, fabricación e instalación.

BC3. Recoñecemento dos principais sistemas construtivos

- Tipos de moblaxe e sistemas construtivos.
- Estructuras simples: troncos, e armazón lixeira e pesada.

Mínimos en base os criterios de avaliación

CA1.1 - Identifícase o número de empresas en función da súa distribución xeográfica e das características produtivas.

CA1.2 - Diferenciáronse as empresas do sector en función do produto obtido.

CA1.3 - Diferenciáronse as empresas en función do tamaño, a capacidade de produción e a posición no sector.

CA1.4 - Agrupáronse as principais empresas considerando as características do proceso de produción.

CA1.5 - Caracterizouse a estrutura organizativa e de produción das principais empresas da rexión.

CA1.6 - Relacionouse a capacidade produtiva da empresa co nivel de implantación, a loxística e a distribución do produto obtido.

CA1.7 - Relacionouse a xestión da empresa e as vantaxes estratéxicas co proceso produtivo establecido e co produto obtido.

CA2.1 - Caracterizouse a estrutura macroscópica e microscópica da madeira e dos seus derivados.

CA2.2 - Clasificáronse as principais madeiras españolas e de importación polo seu nome e a súa especie, a partir da súa estrutura e das súas características técnicas.

CA2.4 - Agrupáronse as propiedades da madeira, considerando as súas características e as súas vantaxes, para a utilización en procesos de carpintería e moble.

CA2.5 - Caracterizáronse os principais defectos, doenzas, axentes bióticos e abióticos que presentan as madeiras, e as súas posibles consecuencias e alteracións no produto que haxa que desenvolver.

CA2.6 - Identificáronse os principais subprodutos derivados da madeira e a cortiza, e clasificáronse polo seu nome comercial.

CA2.7 - Seleccionouse o sistema de protección da madeira en función da colocación do produto.

CA2.8 - Seleccionouse o tipo de madeira para utilizar en función do tipo de esforzo mecánico que deba soportar e das características desta.

CA2.9 - Dimensionáronse as pezas empregando técnicas e elementos



- CA4.1 - Identifícanse os materiais de recubrimento polo seu nome comercial en función das súas características de aplicación.
- CA4.3 - Seleccionáronse recubrimentos decorativos en función do produto e do seu acabado.
- CA5.3 - Identificouse o xeito adecuado de realización do abateamento da madeira.
- CA5.4 - Identifícanse os principais sistemas de despezo e corte da madeira, en relación cos produtos que cumpra obter e coas dimensións destes.
- CA5.5 - Relacionáronse os principais sistemas de seca e tratamento da madeira cos seus resultados e cos tempos de realización.
- CA5.6 - Identifícanse os procesos de curvaxe da madeira.
- CA5.7 - Relacionáronse os sistemas de obtención de chapas cos produtos obtidos e cos seus procesos de aplicación.
- CA5.8 - Identifícanse os principais procesos para a obtención de taboleiros en función do compoñente base.
- CA5.9 - Identifícanse os sistemas de elaboración de distintos tipos de laminacións decorativas, relacionando as súas características técnicas con aplicación.
- CA5.10 - Establecéronse as ferramentas informáticas para a xestión da produción.
- CA5.11 - Caracterízanse liñas de produción de elementos de carpintería e moble, en función da súa automatización.
- CA6.2 - Identifícanse os procedementos de construción e montaxe ou instalación na fabricación de carpintería e moble.
- CA6.3 - Relacionáronse as operacións dos procedementos de unión e montaxe coa maquinaria, utensilios e ferramentas.
- CA6.4 - Identifícanse as características dos sistemas de unión empregados en carpintería e moble (caravillas, galletas, espigas, parafusos, etc.).
- CA6.5 - Identifícanse as características dos tipos de unións tradicionais en carpintería e moble (ensamblaxes, empalmes e encaixamentos).
- CA6.6 - Defínense a secuencia das operacións.
- CA6.7 - Interpretáronse as especificacións de calidade en cada fase do proceso e do produto.
- CA6.9 - Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
- CA6.10 - Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.

#### Criterios de cualificación

##### -70% Exámes.

Realizarase un único exame por cada un dos trimestres. Este exame é presencial e de obrigatoria asistencia. Para cada un dos trimestres aprobados manterase a nota. En caso de non asistir a estes exámes parciais haberá exame final que celebrábase en xuño.

E aconsellable realizar e entregar todos os traballos propostos (tarefas e outros) para poder presentarse os exámes, tanto os exámes trimestrais como o examen final xa que se poderían facer preguntas nos exámes sobre as prácticas.

##### -20% Traballos propostos.

As tarefas realizaranse e entregaranse no prazo a fixar pola profesora no FPADISTSANCIA e posteriormente serán calificadas por parte da mesma. As tarefas entreguesen fora de prazo calificaranse a metade. Para poder acceder o exame é necesario entregar as tarefas propostas e ter un mínimo de 4 en cada unha delas.

##### -10% Outros. Neste apartado inclúense:

A limpeza e o orde nos exercicios propostos e entregados.

Entrega de traballos propostos (tarefas e outros) no prazo establecido.

Participación activa nos foros. Para a cualificación final tenrásese en conta o grado de participación nos foros. Recordade que na ensinanza a distancia os foros son a aula, o taboleiro de anuncios e en definitiva, un espacio compartido de traballo, onde todos podremos expoñer as nosas ideas, dúbidas, e extraer conclusións tendo en conta tamén o aportado polos demais compañeiros/as. A asistencia as titorías colectivas considerarase como participación nos foros.

Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima de un 5 sobre 10 no exame e entregar as tarefas propostas on un mínimo de 4 sobre 10.

A nota de cada trimestre será igual a parte enteira sen decimales obtida da suma das 3 partes.

a nota final do módulo será igual a parte enteira da media das tres avaliacións.

O alumno con algunha avaliación pendente , ten un periodo de recuperación e un examen final en xuño

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Os alumnos que non superen algunha proba das avaliacións trimestrais deberán recuperala no examen final de Xuño.

Ao remate do curso terá lugar unha proba final á que cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, entendéndose que aqueles alumnos que teñan superados todos os parciais non precisarán presentarse a este exame (non se fai media de todas as partes non superadas, senón que se teñen que aprobar todas individualmente).

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Na ensinanza a distancia a asistencia non é obligatoria; polo tanto non existe perda de dereito a avaliación continua. Existirá un exame final, tal e como se describiu no apartado 6a desta programación, ó que os alumnos se poderán presentar na súa totalidade o ben con aquelas partes que non houberan superado nas avaliacións parciais.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 1º Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase a aplicación informática das programacións, implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro ano.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ó inicio do curso farase unha avaliación inicial conxunta (na que tomaremos parte tódolos profesores que impartimos a modalidade de distancia) que nos servirá para coñecer a tipoloxía de alumnos, os seus coñecementos de partida, a relación que teñen co mundo do moble.

Esta proba non contará como nota, pero si que nos valerá para establecer estadísticas e detectar posibles alumnos con deficiencias e carencias. Ademais acompañarase coa a información tanto académica como persoal do alumno, que podamos recabar co tutor do ciclo así como co equipo de orientación do centro.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos, resúmenes, esquemas ou fichas que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

Para os alumnos con necesidades educativas especiais, que necesitan unha adaptación curricular significativa, aprobada pola inspección, de acordo co departamento de orientación do centro, seguirase o especificado en dita adaptación curricular, si se da este caso.

Tendremos en conta os protocolos da consellería que se establecen na paxina da extratesia galega de convivencia escolar. <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos ( educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación

vial, a educación ambiental e a educación intercultural ) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando cíiticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor.

Intentaremos fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista.

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental.

Reflexionarase sobre problemas medioambientais, relacionados cos usos de materiais e produtos contaminantes e contemplando posibles solucións.

Educación vial.

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

En todo caso, seguiranse as indicacións recollidas na web da consellería:

[www.educonvive.gal](http://www.educonvive.gal)

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse visitas técnicas a empresas, feiras e charlas no centro, relacionadas co sector da madeira. Neste curso escolar realizarase unha visita técnica a unha empresa, dependendo das que está funcionando no segundo trimestre, xa que por motivos da crise, é difícil especificar o





nome da mesma ó inicio do curso.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Cuestionario de avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso procederemos a realizar unhas cuestións breves do contido xeral do módulo para ter as nocións do nivel do alumnado matriculado e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras que sexan necesarias.

Neste caso o ser unha formación a distancia, o cuestionario faranse conline, tipo test, e os alumnos acceden a el pola plataforma FPADISTANCIA.

De igual forma a duración das unidades didácticas tamén veñen establecidas polo MEC